

nova escola galega

Nova Escola Galega ante as revisións da Loxse

O Goberno Español ven de levar a cabo a modificación dos Reais Decretos de Ensinanzas Mínimas para a ESO e para o Bacharelato, e nun futuro inmediato ten previsto poñer en marcha unha Lei chamada da Calidade que afectará posiblemente a todo o sistema educativo, especialmente á ESO, Bacharelatos e ciclos formativos. Coidamos que ante esta situación é necesario facer unha serie de consideracións sobre as dificultades que está a ter a LOXSE e o xeito de afrontalas.

Reflexións que abarcarán tanto á Administración e o seu xeito de actuar, como ó propio profesorado, e ó sistema educativo en xeral.

O actual sistema educativo tal e como está concibido na LOXSE aínda non está implantado na súa totalidade; e actualmente hai ensinanzas pertencentes á LXE do 70 (2º e 3º de FP II e COU).

Polo tanto falar de fracaso, tal e como se ten feito, parece cando menos precipitado a estas alturas. Debemos de ter en conta que un cambio estrutural e organizativo tan profundo como o que se propuxo necesita dun certo tempo de adaptación, sendo ademais previsible que nun primeiro momento cree certo desconcerto, non só ó alumnado e ó profesorado, senón á sociedade en xeral.

Historicamente moitos dos avances sociais tiveron inicialmente un rexeitamento social, aínda que co tempo se afianzaron como algo irrenunciable. O mesmo pode estar sucedendo coa ampliación da escolaridade obrigatoria ata os 16 anos que propuxo a LOXSE. Este é sen dúbida un gran avance social que a medio e longo prazo terá unhas vantaxes incuestionables; non obstante tamén é necesario dicir que nestes momentos esta medida esta a producir unha serie de anomalías que nalgúns casos teñen creado alarma social.

En todo caso, parécenos necesario analizar esta situación, para tentar aportar uns elementos de reflexión que resulten clarificadores:

1. A reforma prevista (LOXSE) estase levando a cabo sen a dotación de medios suficientes tanto humanos como materiais. Esta situación de precariedade ten levado a facer análises superficiais e ás veces mal intencionadas sinalando que a LOXSE é unha mala Reforma; non tendo en conta que o problema non reside na propia Lei senón en como se está aplicando.
2. As situacións de conflitos que moitas veces coñecemos a través dos medios de comunicación, na maioría dos casos, non deixan de ser puntuais; en ningún caso son xeneralizables a todo o sistema educativo.
3. A formación do profesorado para afrontar esta nova etapa non foi nin a mellor nin suficiente. Non podemos esquecer que a historia escolar dos nosos docentes é unha historia duns profesionais non acostumados ós deseños curriculares, nin á toma de decisións respecto ó currículo e ó tratamento á diversidade que precisamente coa LOXSE pasa a ser unha pedra angular.

Todo isto trouxo consigo que unha parte considerable dos docentes non se sentisen comprometidos coa LOXSE e dende o primeiro momento lle tirasen as súas potencialidades.

Certo é que nestes anos de aplicación da Reforma poderíamos falar de deficiencias especialmente na ESO (no Bacharelato non podemos falar posto que aínda non está xeneralizado), que se poderían e deberían primeiro avaliar e logo analizar seria e profundamente por parte de todos os implicados, para tentar corrixilas e tomar as decisións encamiñadas a mellorar a calidade educativa.

Fronte a isto, o Goberno Popular optou por facer unha proposta "ás agachadas" sen entrar a debatela cos diferentes sectores implicados.

A primeira destas propostas foi a modificación dos RR.DD. de Ensinanzas Mínimas do Bacharelato e na E.S.O, e agardamos, segundo a Ministra, a Reforma da FP e a entrega dunha Lei de Calidade que afectará ós itinerarios na E.S.O e posiblemente tamén no Bacharelato. Todo isto que dicimos sacámolo dos "Trailers" (como se dunha estrea cinematográfica se tratase) que a Ministra foi lanzando a través dos medios de comunicación durante estes últimos meses.

Coidamos por varios motivos que esta non é unha maneira seria nin responsable de actuar:

1. Cando se tenta facer unha revisión do sistema educativo (da LOXSE), esta ten que estar baseada en primeiro lugar nunha **análise rigorosa do sistema educativo. Nós que saibamos non hai un estudio, nin avaliación profunda sobre os éxitos ou fracasos da LOXSE, nin dos seus puntos fortes ou febles**, máis aló da que foi feita polo INCE, que, ó noso entender, ten moitas lagoas e non pode ser considerada como válida para establecer o éxito ou fracaso do sistema educativo. Todo o que se sabe son detalles de aspectos, pero non se trata dunha avaliación que abarque todo o sistema (medios, recursos, formación do profesorado, satisfacción das partes, resultados académicos...). Polo que hai que sinalar que están a modificar algo do que non hai constancia rigorosa de como funciona.
2. En segundo lugar cando se propoñen medidas de revisión, debe ser unha vez escoitadas por parte da administración todas as partes (profesorado, alumnado, AMPAs, sindicatos...) . **Non é lóxico revisar sen contar coa opinión, nin coa participación dos implicados.**

A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Pequena historia, acertos, lagoas e camiño a seguir.

Aínda que falemos nun sentido crítico das medidas propostas polos Gobernos central e autonómico, isto non nos pode impedir ver que **hai propostas de complexa operativización na LOXSE**, especialmente no deseño da E.S.O; concretamente no que é a atención á diversidade.

A LOXSE propón unha serie de medidas para atender a esta diversidade de alumnado, unha diversidade non só en canto a capacidades intelectuais, senón en canto a motivacións e intereses...

Estas medidas propostas son substancialmente:

- * Niveis de concreción curricular.
- * Adaptacións do currículo (Reforzo e ACI)
- * Diversificación curricular
- * Optatividade

Ademais, en Galicia a Administración Educativa estableceu outras medidas propias como foron os agrupamentos específicos e os programas de ciclo adaptado, medidas que logo se concretan a escala individual no expediente do alumnado en canto ás cuestións de Reforzo e ACI respectivamente.

E tendo un repertorio tan amplo de medidas, ¿cómo é que hai tantas dificultades na atención á diversidade, especialmente na E.S.O.?

A cuestión é complexa e nela inflúen moitos factores. Ó noso entender os factores que influíron negativamente no tratamento educativo da atención á diversidade foron os que pasamos a relatar:

- 1- **Os niveis de concreción curricular non se veñen considerando debidamente como unha medida de atención á diversidade.** En moitos casos os documentos dos centros (PEC; PCC...) son meras copias doutros ou contribucións individuais dos membros do claustro e da comunidade educativa, sen que houbera unha reflexión, unha asunción de responsabilidades e unha implicación dos membros que elaboraron estes documentos. Ademais para atender á diversidade é fundamental partir das características do contorno e do propio alumnado o que debe ser unha pauta básica que guíe a elaboración dos documentos do centro. Así estaremos atendendo á diversidade.

Pero: ¿cantos centros contemplan no seu P.C.C. procedementos, estratexias, pautas e definición de responsabilidades, respecto á elaboración de A.C.I., P.D.C., titorías, orientación escolar, vocacional....? Coidamos que en moi poucos.

Aquí non só hai responsabilidade dos claustros ou das comunidades educativas. ¿Qué dicir dos CEFOCOPs (Agora CEFOREs) que asesoraron moitos destes proxectos?; ¿e da Inspección que aprobou a inmensa maioría destes proxectos?; ¿implicouse a Administración na elaboración do PEC e PCC?; ¿existen estes documentos a día de hoxe en todos os centros?; ¿as universidades participaron dalgún xeito nestes procesos de asesoramento e formación?.

- 2- **Á hora de desenvolver as Medidas máis individuais como as Adaptacións do currículo (Reforzo e ACI) e os P.D.C. ¿cales son realmente os cambios introducidos?** Estas medidas son moitas veces unha desculpa para segregarse ó alumnado con n-e-e e non para atenderlle a esas necesidades educativas detectadas.

¿Cantos apoios se fan dentro da aula ordinaria?; ¿cómo está a ser a coordinación entre os profesores de aula e os profesores de apoio?; ¿cal é a colaboración entre o Departamento de Orientación e os profesores de apoio, e cos profesores de aula....?.

Se respondemos a estas preguntas posiblemente atoparemos moitas claves do que non se está a facer en canto á atención á diversidade do alumnado.

- 3- Relacionadas coas dúas anteriores cuestións está unha terceira que ten que ver co profesorado. Falar do profesorado é unha cuestión complexa e sempre polémica, pero coidamos que a autocrítica e a reflexión é un elemento que debe estar dun xeito constante na nosa práctica. Por iso cremos necesario facer os seguintes apuntes respecto ó profesorado:

A- A formación levada a cabo non ten sido a máis axeitada, aínda que a nivel do deseño dos programas de formación houbo avances incuestionables (formación en centros, seminarios permanentes..) á hora de plasmar estes deseños na práctica rexístranse importantes lagoas. A formación en centros en moitos casos acabou convertendo en meras rutinas, onde había de todo menos debate e reflexión compartida. Pensamos que hai a miúdo unha desvirtuación e un vaciado de contido das actividades de formación en centros.

Ó noso entender isto en ningún caso desvirtúa este tipo de formación senón que é para nós unha pedra angular da calidade do sistema educativo e o que estamos a dicir, é que hai que redobrar os esforzos e corrixir estes erros.

B- A actitude do profesorado en moitos casos, especialmente na ESO merece comentario especial. Xa que moitos dos profesores que agora desenvolven o seu labor nesta etapa do ensino obrigatorio, viñan acostumados a traballar cun alumnado previamente seleccionado na EXB, é a primeira vez que se enfrontan á necesidade de adaptar os seus obxectivos e metodoloxía a un alumnado moito máis heteroxéneo que antes en intereses, capacidades e actitudes. Esta situación non foi asumida con responsabilidade por unha parte do profesorado que non aceptou o cambio nas condicións do seu traballo, e noutros casos mellor intencionados topáronse coas dificultades propias do descoñecemento do "que facer". Se a isto engadimos a falta de coordinación entre os docentes imparten clase na ESO, xa temos o cocktail preciso para que a atención á diversidade presente aínda máis dificultades.

C- A formación inicial do profesorado en Secundaria é ó noso entender moi deficiente. A formación pedagóxica, didáctica e psicolóxica que se lle da ós licenciados que van ser docentes é mínima e totalmente inadecuada; non parece estar concibida para formar profesionais capaces de educar nin de transmitir os coñecementos con metodoloxías adaptadas ás características do seu alumnado. Esta é unha circunstancia que está orixinando graves consecuencias para a educación en xeral e para a atención á diversidade en particular.

As nosas propostas de atención á diversidade tentamos facerllas chegar á comunidade educativa a través do anterior **NEG Opina** (febreiro de 2000), no que expoñemos as

liñas de actuación que nos parecen máis axeitadas neste terreo dirixidas á administración, ós centros educativos, e ós propios docentes.

Non debemos esquecer unha cuestión fundamental, como é o feito de que **a diversidade é algo natural, a sociedade é diversa, as persoas teñen opinións e xeitos de actuar diversos, e se na escola non sabemos nin queremos dar resposta á diversidade dalgunha maneira estamos asumindo que non somos capaces de preparar suxeitos para incorporarse a esta sociedade dun xeito, activo, crítico e respectuoso.**

REFLEXIÓNS EN TORNO ÁS MODIFICACIÓNS DOS RR.DD DE ENSINANZAS MÍNIMAS PARA A E.S.O E O BACHARELATO.

A potenciación das áreas de matemáticas e de linguas non se fai necesariamente aumentando os seus períodos lectivos; é algo máis complexo.

Incrementar as horas lectivas semanais das linguas e das matemáticas non garanten un maior coñecemento nesas materias, e ademais con esta medida estamos a anular áreas e descompensar así a estrutura curricular da Etapa. Segundo se nos quere dar a entender na LXE de 1970 estaban máis potenciadas as linguas e as matemáticas, pero se examinamos as horas asignadas globalmente apreciaremos que agora existen unha maior carga horaria.

Outro aspecto que nos parece interesante respecto a potenciación destas áreas é o referido ós **obradoiros de matemáticas e de comunicación oral**. Estes foron creados coa intención de potenciar estes ámbitos para aqueles alumnos/as que tiñan dificultades, converténdose así noutra medida de atención á diversidade; pero ¿en cantos institutos se están impartindo os obradoiros?. En moitos casos lévanse a cabo seguindo o criterio de dispoñibilidade do profesorado. Evidentemente este xeito de proceder non é o axeitado e as n.e.e. non poden guiarse por criterios deste tipo.

Antes de aumentar horas ou reducir áreas, cremos que a vía correcta é a de dotar de significatividade ás linguas e ás matemáticas xa que son instrumentos fundamentais para desenvolverse na sociedade dun xeito autónomo e reflexivo. Coidamos que o que compre facer non é dar máis horas destas áreas, senón desenvolver no alumnado intereses e motivacións que o leve a comprender a necesidade e a importancia da lingua e das operacións matemáticas, nunha sociedade chamada da información.

Outro erro que se está a cometer é pensar que as operacións matemáticas e a lingua son coñecementos propios dunha área concreta, ¿caso nas áreas de Cc Sociais ou Cc Naturais non é

necesario dominar e non se desenvolven aspectos lingüísticos e matemáticos ? Se queremos potenciar estes coñecementos, debemos actuar de modo interdisciplinar e non exclusivamente a través de áreas concretas.

Por todo isto é necesario un cambio metodolóxico no sentido amplo da palabra nestas áreas.

Hai que incorporar novos recursos didácticos, novos medios, diferentes xeitos de organizar o espacio e o tempo, empregar materiais significativos e motivantes para o alumnado.

A modo de exemplo, podemos apuntar a nivel lingüístico que o emprego da prensa diaria, pode ser un elemento motivante, á vez que nos serve para desenvolver a capacidade de lectura; tamén se pode aproveitar para facer unha lectura crítica, desenvolvendo así unha conciencia reflexiva no alumnado. O mesmo ocorre coa informática e as operacións de cálculo. A través dun medio tan atraínte como pode ser a informática pódense traballar moitas operacións matemáticas.

De modo similar, é necesario partir do debate, do dicir do propio alumnado e considerar estas expresións como algo fundamental na actividade diaria da aula, para desde aí, en cada caso, promover a aventura do coñecemento, o esforzo formativo e a formación de personalidades.

Exemplos estes que aínda que obvios, na maioría dos casos, non son postos en práctica.

Un currículo pechado aumenta os contidos obrigatorios e elimina o protagonismo didáctico dos centros.

Coa posta en marcha dos novos RR.DD, o que acontece é que se pecha máis o currículo. Un currículo que se definiu na propia LOXSE como aberto e flexible, sendo este, precisamente un dos trazos definitorios fronte ó currículo pechado da LXE.

Pois ben, aumentado os contidos mínimos o que se fai é que estes contidos pasen de ser mínimos a ser máximos, de maneira que non queda pé a que logo se introduzan outros contidos para complementalos, de maneira que dun xeito encuberto se nos está a pechar o currículo e ademais impoñéndonos a través del, unha visión uniformadora, co fin de garantir, "din", a igualdade entre os cidadáns do estado español.

¿É isto é o que entende ó Goberno por igualdade? Nós, dende logo, non; para nós a igualdade debe ser construída e defendida a partir das identidades socioculturais e históricas, da diversidade cultural e lingüística, en diálogo sempre con contextos máis amplos.

Non convén tampouco enganarse xa que moito profesorado está satisfeito con esta medida posto que ó pecharse o currículo as decisións a tomar son menos.

Igualmente con estes **RR.DD. de Mínimas**, vólvese a facer fincapé nos contidos conceptuais, voltando unha vez máis a LXE. Nunha sociedade como a de hoxe, chamada da información, na que cada pouco tempo se renovan na súa maior parte os contidos de tipo conceptual e máis da meta-de dos saberes que deben adquirir os nenos e nenas de hoxe aínda non se produciron, non parece moi lóxico aumentar os conceptos e non potenciar os procedementos e as actitudes.

As competencias do futuro non están tanto en saber moitos conceptos, xa que estes caducan e transfórmanse, canto en dominar os procedementos e actitudes que permitirán ir adquirindo novos coñecementos.

Compre ademais sinalar outros aspectos importantes respecto a estas modificacións e reformas:

- * Abandónase a Plástica e a Música que pasan a ser anecdóticas, sen embargo a relixión segue a ter un papel curricular importante nun Estado laico coma o noso.
- * O estudio da historia pasa a realizarse exclusivamente dun xeito cronolóxico e tendo unha visión uniformadora do Estado Español.
- * A Consellería de Educación establece unha consulta pechada ós centros, facendo fincapé na participación do profesorado e da comunidade educativa... A participación é algo máis serio que elixir A ou B, e se quere dar participación débese afondar no debate e nas cuestións a debater; o que a Consellería realiza é unha campaña de imaxe.
- * Fálase na nova Lei da Calidade de varios itinerarios para o 2º ciclo da ESO e aínda sen coñecer con mais detalle estes itinerarios e as súas condicións, podemos dicir que o que se pretende é facer un camiño para os "listos" e outro para os "menos listos" e mesmo outro para os "nada listos". Adiviñamos cal vai ser o camiño maioritario na escola pública e cal vai ser o maioritario na escola privada...
Con estas medidas o que se favorece é o ensino privado para que poida escoller ó alumnando e levalo pola vía "adecuada" para que os resultados sexan bos.
- * Remataremos finalmente estas reflexións recalcando dúas cuestións sinaladas:

Por un lado, nós non queremos un ensino público elitista para uns poucos, e un ensino desvalorizado para o resto. A nosa proposta opta por un ensino de calidade, público e tamén galego no noso caso, para todos, tentando atender á diversidade do alumnado, vendo esta diversidade como un elemento enriquecedor pero tamén sendo consciente de que atender á diversidade require un gran esforzo, tanto persoal como de dotación de medios.

Por outro lado, reclamamos unha vez máis unha avaliación seria do sistema educativo. Unha avaliación que conte coa opinión de todas as partes (AMPAs, alumnado, profesorado, sindicatos, Movementos de Renovación Pedagóxica...) e que abarque todas as variables, entre as que interveñen as aquí sinaladas como tales.

Galicia, Febreiro de 2.001

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

